

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA UNHA CORRECTA XESTIÓN DE RESIDUOS EN CUNTIS

Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis

Cuntis, 14 de novembro de 2022

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un Punto Limpo é unha instalación cun equipamento axeitado para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos de orixe doméstica de especiais características. O obxectivo fundamental destas instalacións consiste en poñer a disposición dos cidadáns un espazo para a achega voluntaria de residuos que non poden ser xestionados polos servizos convencionais da recollida de lixo, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou a súa composición (residuos perigosos). No punto limpo sepáranse os distintos residuos segundo a súa tipoloxía, facilitando o seu tratamento e valorización posterior. Así, evítase que o seu destino final sexan os vertedoiros, a rede de sumidoiros pública ou calquera outro punto de vertido incontrolado, favorecendo a protección e mellora do medio ambiente.

Esta definición é a que ofrece o Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGA). O establecemento dun Punto Limpo require unha serie de requisitos e un investimento que propicia que o sistema óptimo para a recollida e xestión de residuos sexa de carácter supramunicipal. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 26 que nos municipios con poboación inferior aos 20.000 habitantes deberá ser a deputación provincial a que coordine a prestación do servizo, entre outros, de recollida e tratamento de residuos. En Cuntis este precepto non se está a cumprir.

O sistema de recollida e xestión de residuos no noso municipio presenta unha longa traxectoria documentada nos medios de comunicación que nos leva, cando menos, ao ano 2008. Cómpre aclarar que o que en Cuntis se coñece popularmente como *Punto Limpo da Ran* non figura no mapa de puntos limpos da Xunta, no que se sinalan os rexistrados e debidamente constituídos como tal en todo o País. É dicir, o da Ran non é un Punto Limpo formalmente constituído xa que non cumpre os requisitos nin as condicións para obter tal categoría. No ano 2008 o actual alcalde Manuel Campos, daquela concelleiro de Medio Ambiente, afirmaba que iniciara os trámites administrativos para a constitución formal dun Punto Limpo nas inmediacións do Polígono da Ran. Decía, segundo recolle o Faro de Vigo do 17 de agosto de 2008, que técnicos da Consellaría de Medio Ambiente xa visitaran os terreos da futura instalación.

Cinco anos despois, en marzo de 2013, a Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, afirmaba que *“avanza na implantación deste servizo e estase a traballar para a posta en marcha de 9 novas instalacións máis”* (entre elas a de Cuntis) e que *“irán entrando en servizo ao longo de 2013”*.

En maio de 2015, a poucos días das eleccións municipais, o candidato socialista Manuel Campos, actual alcalde, advertía sobre *“a nefasta xestión do lixo”* do Goberno do Partido Popular, engadindo que *“non hai mais que ver a situación do punto limpo na zona da Ran”*. Decía tamén o Señor Campos que *“o que no seu momento foi concebido como un punto de recollida de plásticos agrícolas e voluminosos, hoxe parecece mais a un basureiro”*. A nova indicaba que naquel espazo acumulábanse *“colchones, electrodomésticos, cajas e incluso coches de juguete, entre grandes bolsas”*.

En abril do ano 2021, varios concellos da nosa contorna manifestaban a vontade de constituír unha (nova) mancomunidade para, entre outras cousas, xestionar conxuntamente a prestación de servizos municipais. Como non podía ser doutro xeito, a xestión e recollida do lixo figuraba entre estes obxectivos.

Durante todos estes anos anos, a acumulación descontrolada de lixo nas dependencias municipais da Ran non fixo máis que aumentar. O depósito de todo tipo de residuos nas inmediacións do Centro Ocupacional da Ran, situado fronte ao campo de fútbol e a carón dunha industria alimentaria, foron configurando un aspecto verdadeiramente impresentable do que é o principal acceso dende o Sur á vila de Cuntis, pola N-640.

O compromiso cunha xestión axeitada dos residuos, especialmente dos voluminosos e dos potencialmente perigosos, non pode agardar máis. A coherencia cos discursos verdes e ambientalistas non permite manter durante máis tempo a situación do vertedoiro incontrolado da Ran tal e como está. Os responsables das administracións locais deben promover iniciativas encamiñadas á prestación correcta dos servizos públicos. No caso que nos ocupa, a comarcalización preséntase como a alternativa máis axeitada.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Municipal de Cuntis a acelerar os contactos cos concellos da contorna que queiran participar da xestión compartida deste servizo para facer efectiva, canto antes, a prestación conxunta da maneira que se estime máis oportuna e eficiente.
2. Instar ao Goberno Municipal a que mentres a prestación conxunta do servizo de recollida, xestión e tratamento do lixo non se materializa, implantar unha solución temporal que seleccione, clasifique e rexistre correctamente os residuos que se depositan nas dependencias municipais da Ran.